

DESENVOLVEMENTO LOCAL
E EMPREGOTENENCIA DE ALCALDÍA E CONCELLERÍA
DELEGADA DA ÁREA DE EMPREGO, FONDOS
EUROPEOS, PATRIMONIO, MEDIO AMBIENTE,
EDUCACIÓN, DEPORTES E XUVENTUDECONCELLO
DE VIGO**MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS. EXPTE. 20750-77.****1.- OBXECTO**

É obxecto do presente contrato a prestación de servizos de apoio técnico para a revisión da documentación xustificativa dos proxectos subvencionados con cargo ás convocatorias de subvencións e convenios de fomento do emprego.

En cumprimento do establecido no art. 99.3.b).- LCSP, e tendo en conta o exposto anteriormente, se determina que a realización independente ou por lotes das diversas prestacións e traballos obxecto do presente contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, xa que implica a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións.

2.- XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS NOS CONTRATOS DE SERVIZOS.

A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego carece de persoal técnico cualificado para desenvolver as accións de informar e orientar ás entidades no proceso de xustificación de axudas, ofrecer un servizo de información, asesoramento e apoio ás entidades, recibir, revisar e realizar todos os trámites necesarios ata a aceptación das xustificacións presentadas, nos prazos establecidos á Intervención municipal.

De acordo coa Relación de Postos de Traballo (RPT), a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego carece dun número suficiente de postos singularizados de persoal técnico cualificado que cumpra coas características do persoal que se solicita para a prestación deste servizo, necesario para desenvolver as accións de informar e orientar ás entidades no proceso de xustificación de axudas, ofrecer un servizo de información, asesoramento e apoio ás entidades, recibir, revisar e realizar todos os trámites necesarios ata a aceptación das xustificacións presentadas, nos prazos establecidos á Intervención municipal, habida conta do considerable número de solicitudes de axudas recibidas nas anteriores convocatorias e do elevado importe do crédito consignado no vixente orzamento municipal para a xestión de todas as axudas, especialmente, aquel que se destina ao financiamento da principal liña de subvencións de fomento do emprego.

3.- PLANIFICACIÓN ANUAL DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA.

O presente contrato foi remitido para a súa inclusión na Planificación municipal da contratación do servizo de Desenvolvemento Local do ano 2024. a través do documento núm. 230308909.

4.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

Procedemento: **Aberto simplificado**
Forma de tramitación: **Abreviada**

Copia do documento - Concello de Vigo
20750-77

Data impresión: 06/08/2024 08:33

Páxina 1 de 5

CSV: A9AH56-31A8DE-CF4D39-SXWXZL-R27L3T-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

DESENVOLVEMENTO LOCAL
E EMPREGOTENENCIA DE ALCALDÍA E CONCELLERÍA
DELEGADA DA ÁREA DE EMPREGO, FONDOS
EUROPEOS, PATRIMONIO, MEDIO AMBIENTE,
EDUCACIÓN, DEPORTES E XUVENTUDECONCELLO
DE VIGO

O procedemento de adxudicación do presente contrato rexeráse polo disposto no artigo 159 da LCSP que regula o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada no seu apartado 6, por tratarse dun contrato de servizos con valor estimado inferior ao establecido no referido artigo.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación ordinaria do presente expediente de contratación de conformidade co establecido na LCSP.

5.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA.

Establécese un prazo de dous meses e medio (**2,50 meses**) de duración do contrato (tempo estimado do cumprimento da obriga de resultado das tarefas que constitúen o obxecto da prestación), sen posibilidade de prórroga.

A data prevista para o inicio da prestación do servizo é o **2 de setembro de 2024**.

O prazo de execución do contrato vén determinado pola natureza das prestacións, que deberán cumprir os prazos previstos para a xustificación das subvencións en coordinación co desenvolvemento das tarefas correspondentes ao servizo xestor.

5.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN

Terase en conta un único criterio de valoración, avaliable mediante fórmula (en cumprimento do previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017) que será a redución do prezo máximo do contrato, polo que non require de maior xustificación.

As ofertas ordenaranse de menor a maior prezo, sen necesidade de aplicar fórmula ningunha.

6.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS.

En relación á determinación dos criterios aplicables para a valoración da existencia de ofertas ou proposicións con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes aos servizos obxecto deste expediente, a tenor do establecido no artigo 149.2.a) da LCSP, aplicaranse os criterios para apreciar as ofertas desproporcionadas establecidos no artigo 85 do RLCAP.

7.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, segundo a cal "será obrigatorio o establecemento no prego de cláusulas administrativas particulares de cando



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/08/2024 08:33

Páxina 2 de 5

20750-77

CSV: A9AH56-31A8DE-CF4D39-SXWXZL-R27L3T-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

DESENVOLVEMENTO LOCAL
E EMPREGOTENENCIA DE ALCALDÍA E CONCELLERÍA
DELEGADA DA ÁREA DE EMPREGO, FONDOS
EUROPEOS, PATRIMONIO, MEDIO AMBIENTE,
EDUCACIÓN, DEPORTES E XUVENTUDECONCELLO
DE VIGO

menos unha das condicións especiais de execución de entre as que enumera o apartado seguinte”, establécense neste contrato as seguintes condicións especiais de execución de tipo social ou relativas ao emprego:

1. A adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.

Esta condición especial de execución ven recollida no artigo 202.2 da LCSP e esíxese neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política social. Inclúense así algúns dos aspectos sociais recollidos na guía de Adquisicións Sociais da Comisión Europea (oportunidades de emprego, traballo digno, cumprimento cos dereitos sociais e laborais, inclusión social e igualdade de oportunidades).

Esta “contratación estratéxica”, plasmada nas novas Directivas de Contratación, permite implementar coa contratación pública as políticas públicas en áreas que se consideran esenciais, contribuíndo a mellorar o cumprimento das leis sociais e laborais, a estimular mercados con conciencia social, demostrar habilidades de gobernanza sensibles aos aspectos sociais, fomenta a integración de grupos significativos na sociedade, como son as persoas con discapacidade, en actividades claves do mercado, e garantir gastos públicos máis eficaces e eficientes con maior afectación real ás persoas ou colectivos máis desfavorecidos.

8.- INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ARTIGO 130 LCSP.

O obxecto do contrato non se vén prestando na actualidade e no “XVII Convenio colectivo estatal de empresas de consultoría y estudios de mercado y de la opinión pública”, utilizado para os efectos de cálculo dos custes salariais, non se recolle a subrogación do persoal.

9.- PRAZO DE GARANTÍA.

Non se considera necesario pola natureza das prestacións.

10.- SUBCONTRATACIÓN

Considéranse tarefas críticas a contratación do persoal para o apoio técnico para a revisión da documentación xustificativa dos proxectos subvencionados e para o seguimento e control do cumprimento das obrigas.

As tarefas críticas veñen determinadas pola necesidade de garantir a calidade do servizo de tal xeito que a súa prestación sexa desenvolvida directamente polo persoal da/s empresa/s adxudicataria/s e non por persoal subcontratado.

11.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Non se prevé ningunha modificación do contrato.

12.- RESPONSABLE DO CONTRATO

O responsable do contrato é a xefatura de servizo de Participación Cidadá e

Copia do documento - Concello de Vigo
20750-77Data impresión: 06/08/2024 08:33 Páxina 3 de 5
CSV: A9AH56-31A8DE-CF4D39-SXWXZL-R27L3T-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**DESENVOLVEMENTO LOCAL
E EMPREGO****TENENCIA DE ALCALDÍA E CONCELLERÍA
DELEGADA DA ÁREA DE EMPREGO, FONDOS
EUROPEOS, PATRIMONIO, MEDIO AMBIENTE,
EDUCACIÓN, DEPORTES E XUVENTUDE****CONCELLO
DE VIGO**

Desenvolvemento Local a quen lle corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias coa finalidade de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

13.- SEGURO

A entidade adxudicataria deberá subscribir o seguinte:

- Póliza de responsabilidade civil de cando menos 230.000,00 €, que garanta a seguridade de responsabilidade civil patronal, que cubra as indemnizacións a que teña dereito, nos supostos de danos persoais e materiais que fronte a terceiros sexan imputables á empresa adxudicataria.

14.- LUGAR DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.

O servizo prestarase nas oficinas administrativas da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego, pola necesidade de acceder á documentación necesaria para o desenvolvemento das tarefas obxecto do contrato a través das aplicacións informáticas municipais, para cumprir os obxectivos e realizar adecuadamente as tarefas previstos na cláusula 2 do PPT.

15.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE

Non se fixan.

16. CESIÓN DE DATOS Ó ADXUDICATARIO: SI.

Os datos das entidades beneficiarias serán cedidos á adxudicataria para a realización das tarefas de revisión da documentación xustificativa dos proxectos subvencionados con cargo ás convocatorias de subvencións e convenios de fomento do emprego, así como, para desenvolver as accións de informar e orientar ás entidades e suxeitos beneficiarios no proceso de xustificación de axudas, ofrecer un servizo de información, asesoramento e apoio aos beneficiarios, recibir, revisar e realizar todos os trámites necesarios ata a aceptación das xustificacións presentadas, nos prazos establecidos, pola Intervención municipal.

17.CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL OU INDUSTRIAL: NON

En consecuencia, en base aos antecedentes descritos, propónse á Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, remitir a presente memoria xustificativa ao Servizo de Contratación para a redacción do correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de acordo coas condicións e necesidades descritas no presente informe.



DESENVOLVEMENTO LOCAL
E EMPREGO

TENENCIA DE ALCALDÍA E CONCELLERÍA
DELEGADA DA ÁREA DE EMPREGO, FONDOS
EUROPEOS, PATRIMONIO, MEDIO AMBIENTE,
EDUCACIÓN, DEPORTES E XUVENTUDE

CONCELLO
DE VIGO



DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES

As técnicas que subscriben declaran non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, a Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

Na data da sinatura electrónica
A técnica de Administración xeral
Carla Candia Paz

Conforme:
A Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude
(RA de delegación de competencias do 22/06/2023)
Elena Espinosa Mangana

